

ÍNDICE

1. Introducción.....	páx. 2
2. Metodoloxía.....	páx. 3
3. FAMILIAS PROFESIONAIS.....	páx. 6

(orde alfabética siglas)

- 1) Agraria **(AA)**
- 2) Administración e oficinas **(AO)**
- 3) Artesanía **(AR)**
- 4) Automoción **(AU)**
- 5) Comercio **(CC)**
- 6) Docencia e investigación **(DO)**
- 7) Servizos ás empresas **(EM)**
- 8) Edificación e obras públicas **(EO)**
- 9) Fabricación de equipos electromecánicos **(FE)**
- 10) Industrias alimentarias **(IA)**
- 11) Información e manifestacións artísticas **(IM)**
- 12) Industria pesada e construcións metálicas **(IP)**
- 13) Industrias químicas **(IQ)**
- 14) Industrias téxtiles **(IT)**
- 15) Industrias da madeira e a cortiza **(MD)**
- 16) Minería e primeiras transformacións **(MN)**
- 17) Montaxe e instalacións **(MO)**
- 18) Mantemento e reparación **(MR)**
- 19) Industrias manufactureiras diversas **(MT)**
- 20) Produción, transformación e distribución de enerxía e auga **(PT)**
- 21) Sanidade **(SA)**
- 22) Seguros e finanzas **(SF)**
- 23) Servizos á comunidade e persoais **(SP)**
- 24) Transportes e comunicacións **(TC)**
- 25) Turismo e hostalería **(TH)**

1. Introducción

A elaboración dos indicadores de programación da formación profesional ocupacional, realizada anualmente polo Instituto Galego das Cualificacións, é susceptible de melloras e cambios que imos introducindo ano a ano en función dunha pormenorizada análise interna dos resultados obtidos, e tamén, en función de cambios extrínsecos derivados fundamentalmente de axustes nas bases de datos que nutren a información básica.

Así pois, neste ano decidimos proporcionar un **documento de traballo** síntese do groso da información, para facilitar e axilizar o traballo das mesas de programación. Esta información sintetizada recóllese nunhas *conclusiones provinciais* onde se analiza para cada provincia o resultado parcial de cada familia de formación profesional ocupacional, destacando as especialidades que arrojan mellores resultados, e as comarcas que presentan unha mellor perspectiva dende o punto de vista do mercado de traballo. Cada especialidade presenta, como orientación, un grao de prioridade o que indicaría o grao de necesidade que dende o punto de vista das variables analizadas tería a impartición de dito curso. Este grao de prioridade parte do resultado parcial de cada especialidade formativa e da familia profesional á que pertence¹.

Engádese unha orientación do perfil máis habitual do alumnado que cursa as anteditas accións formativas como resumo da información detallada no informe base deste documento de traballo.

Cómpre salientar que pode darse o caso de familias que non contén con programación nunha provincia e incluso que non poidamos recomendar especialidades nin comarcas, por non apreciarse boas perspectivas dende o punto de vista da contratación. Así mesmo, consideramos de interese a impartición das especialidades de **prioridade 1, 2 e 3**, especialidades que facemos constar en negriña indicándose tamén as de prioridade inferior cando os resultados non poidan apuntar outras situadas por riba delas. No caso de familias que contan cun bo número de especialidades a recomendar (prioridades 1, 2 e 3), optamos por incluír as máis representativas e, en caso de que se precise profundar na relación completa, remitimos ao informe base co fin de que se poida totalizar a visión das mesmas.

¹ Ver a introdución e a nota metodolóxica no informe “Prioridades da programación da formación profesional ocupacional”.

2. Metodoloxía

O informe “Prioridades de programación da formación profesional ocupacional” fundaméntase na análise de dúas variables básicas: a inserción bruta e os saldos netos.

A inserción bruta é un reflexo do resultado dos cursos programados e impartidos (período 2001-2003) xa que mide a porcentaxe de alumnos que cursan e aproban estas accións formativas e atopan un traballo no período de doce meses seguintes á finalización do mesmo (inserción bruta nos anos 2002, 2003 e 2004), independentemente de que a inserción sexa a relacionada coa especialidade cursada.

Moitas especialidades non aparecen programadas nos períodos analizados polo que foi necesario idear outro sistema para poder darlles un valor no mercado de traballo. Neste senso, decidiuse traballar coas contratacións e demandas de emprego rexistradas en ocupacións asociadas² ás distintas especialidades, considerándose que un volume de contratados superior ao número de demandas de emprego indicaría un superávit do mercado de traballo en ditas especialidades.

A combinación destas dúas variables, inserción bruta e saldos netos, proporcionan para cada familia unha listaxe de especialidades recomendadas recollidas en **tres tipos de propostas**. Por outra banda, considerouse importante considerar ditas especialidades atendendo ao resultado que presenta cada familia formativa, resultado que se recolle nos **cadros de priorización** incluídos no informe base deste traballo.

Conxugando esta idea decidiuse darlle un valor ás especialidades/familia, partindo dunha puntuación orientativa que sirva para poder priorizar os resultados. Así pois, os tres tipos de propostas aparecerían asociadas á seguinte puntuación:

- Proposta 1 (bos resultados de inserción bruta, é dicir, superior ao 60%, e saldos netos asociados positivos) = **3 puntos**

² A asociación especialidades- ocupacións vén dada por unha relación antiga na que observamos que en ocasións as especialidades aparecen asociadas a ocupacións xenéricas (por exemplo, viticultor a peón agrícola en xeral) que sesgan o resultado de dita especialidade. Por este motivo, indicamos mediante asteriscos aquelas especialidades que se ven afectadas por esta circunstancia. Cómpre salientar que o Instituto Galego das Cualificacións traballou nunca nova correlación que entrará en vigor unha vez que todos poidamos tratar a nova codificación SISPE.

- Proposta 2 (non programadas, con saldos netos positivos) = **2 puntos**
- Proposta 3 (boa inserción, é dicir, superior ao 60%, e saldo neto negativo) = **1 punto**

Estes resultados combínanse cos resultados recollidos nos cadros de prioridades³, puntuándose do seguinte xeito:

FAMILIAS PROFESIONAIS	Saldo neto (contratos- demandas) positivo	Saldo neto (contratos- demandas) negativo
Inserción media 01-03 > 60%	<u>Cuadrante 1</u> = 3 puntos	<u>Cuadrante 2</u> = 2 puntos
Inserción media 01-03 entre 40-60%	<u>Cuadrante 2</u> = 2 puntos	<u>Cuadrante 3</u> = 1 punto
Inserción media 01-03 < 40%	<u>Cuadrante 3</u> = 1 punto	<u>Cuadrante 4</u> = 0 puntos

A puntuación das especialidades recomendadas daría como resultado unha priorización das mesmas⁴:

³ Estes cadros encabezan o informe “Prioridades de programación da formación profesional ocupacional”, información base que fundamenta a análise contida neste documento de traballo.

⁴ Estas puntuacións son froito das seguintes combinacións puntuables especialidade/familias:

PRIORIDADE MÁXIMA (1)

Familia cuadrante 1 (3 puntos)+ Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **6 puntos**

PRIORIDADE ALTA (2)

Familia cuadrante 1 (3 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **5 puntos**

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **5 puntos**

PRIORIDADE MEDIA/ALTA (3)

Familia cuadrante 1 (3 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **4 puntos**

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **4 puntos**

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **4 puntos**

PRIORIDADE MEDIA/BAIXA (4)

Familia cuadrante 2 (2 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **3 puntos**

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **3 puntos**

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 1 (3 puntos) = **3 puntos**

PRIORIDADE BAIXA (5)

Familia cuadrante 3 (1 punto) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **2 puntos**

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 2 (2 puntos) = **2 puntos**

NON PRIORITARIA (6)

Familia cuadrante 4 (0 puntos) + Especialidade proposta 3 (1 punto) = **1 punto**

- ❖ Prioridade (1) **Máxima** **6 puntos**
- ❖ Prioridade (2) **Alta**..... **5 puntos**
- ❖ Prioridade (3) **Media/alta** **4 puntos**
- ❖ Prioridade (4) Media/baixa..... 3 puntos
- ❖ Prioridade (5) Baixa..... 2 puntos
- ❖ Prioridade (6) Non prioritaria 1 punto

Considerándose especialmente relevantes as especialidades recomendadas de prioridade **1, 2⁵ e 3**.

A idea é seleccionar aquelas especialidades propostas que se consideran prioritarias polos seus resultados individuais, e ademais, pola súa pertenza a unha familia que obtén bos resultados provinciais.

Hai familias non programadas nunha provincia, polo que só se inclúe a súa análise cando presentan especialidades propostas que podemos considerar de xeito individual, cando non é así, se ben aparecen no Informe de programación da formación profesional ocupacional, non realizamos a análise no documento de traballo que nos ocupa.

Como complemento decidiuse incluír un **mapa comarcal**⁶ onde aparecen salientadas aquelas comarcas que presentan saldos netos positivos, é dicir, aquelas que segundo os datos de contratos e demandas presentan boas perspectivas dende o punto de vista do mercado de traballo. Con este dato tratamos de afinar máis a nosa recomendación apuntando cara ás comarcas nas que sería máis idónea a programación das familias. Hai familias que analizadas no seu resultado global non contan con bos resultados en ningunha comarca.

Por último, inclúese un pequeno apunte referido ao **perfil máis habitual** dos que cursan accións formativas en dita familia partindo, en todo caso, dos datos recollidos no informe que serve de base a este documento de traballo.

⁵ Na proposta 2 inclúense todas as especialidades con saldo neto positivo aínda que, á hora de realizar este informe, consideramos relevante un saldo neto mínimo de polo menos 5, optando en ocasións por referir especialidades da proposta 3 antes de transcribir especialidades cun saldo neto pouco menos que residual.

⁶ Ven sendo unha representación visual e ordenada por familias do **Anexo II** que acompaña o informe “Prioridades da programación da formación profesional ocupacional”.

AGRARIA (AA)

A inserción bruta acada **valores baixos** no período analizado, agás no último ano analizado onde presenta un resultado máis positivo (51,1%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
AAGM20 Avicultor	4 Media/baixa
AAOJ10 Floricultor ⁷ (*)	4 Media/baixa
AAFR10 Fruticultor (*)	4 Media/baixa
AAHC10 Horticultor ⁸ (*)	4 Media/baixa
AAMA20 Manipulador de colleitadoras	4 Media/baixa
AAEF10 Traballador forestal ⁹	5 Baixa
AACE30 Cultivador plantas forraxeiras e pratenses	5 Baixa

(*) Estas especialidades están asociadas ao código 94100011 **peón agrícola, en xeral**.



Destaca claramente a comarca de **Valdeorras** (Viana aparece salientada se ben, o saldo positivo é mínimo). Convén recordar que non contamos cos datos dos traballadores autónomos por comarca, polo que esta análise debe de ter en conta esta circunstancia, que incide moi directamente nunha familia como a agraria.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

⁷ A especialidade de xardinería aparece implantada en numerosas escolas obradoiro e obradoiros de emprego, pero ningunha delas pertence á comarca de Valdeorras polo que decidimos manter a especialidade recomendada da área profesional de ornamentación e xardinería (AAOJ10 Floricultor).

⁸ Hai un obradoiro de emprego na comarca de Ourense coa especialidade de horticultura.


⁹ Hai un obradoiro de emprego na comarca de Viana coa especialidade de forestal.

ADMINISTRACIÓN E OFICINAS (AO)

A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
AOXX01 Inglés: xestión comercial	5 Baixa
AOIC20 Secretario/a	5 Baixa
AOAG40 Administrativo contable	5 Baixa



Non só ningunha especialidade aparece como prioritaria na súa programación, senón que, no ámbito territorial, ningunha comarca acada bos resultados parciais.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

ARTESANÍA (AR)

A inserción parte duns **niveis mínimos** para acadar no 2003 unha porcentaxe máis aceptable (42,9%), mellorando notablemente os resultados da familia nos anos anteriores. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
ARVD10 Soprador de vidro	5 Baixa
ARVD20 Vidreiro artístico	5 Baixa
ARMD10 Carpinteiro- ebanista artesán	6 Non prioritaria
AROR20 Prateiro	6 Non prioritaria
ARCR10 Oleiro- ceramista	6 Non prioritaria



Se atendemos aos datos do mercado de traballo ningunha comarca arroxa bos resultados indicativos da necesidade de programación de cursos desta familia. Cómpre salientar a existencia de especialidades non prioritarias que obtiveron nalgún momento do período moi boas porcentaxes de inserción, o que podería indicar unha fonte de traballo cara a oficios artesanais por conta propia (autónomos).


PERFIL TIPO: Alumnos maiores de 44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

AUTOMOCIÓN (AU)

A inserción bruta parte dun nivel medio para acadar, **nos dous últimos anos, unhas porcentaxes de inserción moi boas**. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
AUCV10 <u>Chapista pintor de vehículos</u>	2 Alta
AURS30 <u>Mecánico de motores e equipos de inxección</u>	3 Media/alta
AURS40 Electricista/electrónico de vehículos	4 Media/baixa
AURS10 Mecánico de vehículos lixeiros	4 Media/baixa



A comarca de **Valdeorras** concentra os bos resultados recollidos nesta provincia para a familia de automoción.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

COMERCIO (CC)

A **inserción bruta acada valores discretos** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
CCPI20 Escaparatista	5 Baixa



O conxunto da familia de comercio non ofrece bos resultados en ningunha das comarcas desta provincia.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, cun nivel de ensinanza obrigatoria.

DOCENCIA E INVESTIGACION (DO)

A **inserción bruta** acada **bos resultados no período 2001-2002 (inserción 2002-2003)**, para diminuír a porcentaxe no último ano analizado ata un 54,3% de inserción. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
DOFF41 <u>Metodoloxía da análise do traballo</u>	2 Alta
DOFF20 <u>Titor da empresa</u>	2 Alta
DOFF10 <u>Formador ocupacional</u>	2 Alta
DOFF40 <u>Técnico de formación</u>	2 Alta
DOFF30 <u>Xestor de formación</u>	2 Alta
DOFF01 <u>Introdución á metodoloxía didáctica</u>	2 Alta
DOFF11 <u>Metodoloxía da formación aberta e a distancia</u>	2 Alta
DOFF13 <u>Dirección de procesos de aprendizaxe</u>	3 Media/alta



A comarca de **Ourense** é a que arroxa mellores resultados seguida moi de lonxe pola de Verín, A Limia e Terra de Trives. Moitos destes cursos son realizados por docentes que están no circuíto da contratación da formación profesional ocupacional, e de escolas obradoiro e obradoiros de emprego.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con titulación universitaria.

SERVIZOS ÁS EMPRESAS (EM)

A **inserción bruta** acada valores discretos no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
EMDI20 <u>Técnico auxiliar en deseño industrial e interiores</u>	3 Media/alta
EMCE41 Xestión de emprego	4 Media/baixa
EMCE40 Xestor de colocación	4 Media/baixa
EMLM10 Experto en limpeza de inmobles	5 Baixa
EMIN10 Programador de aplicacións informáticas	5 Baixa
EMDI10 Técnico auxiliar en deseño gráfico	5 Baixa



Ningunha comarca ofrece bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo, se atendemos ás contratacións e demandas asociadas ao conxunto desta familia.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato.

EDIFICACIÓN E OBRAS PÚBLICAS (EO)

A **inserción bruta acada o peor resultado no ano 2001** para obter a continuación resultados que superan ao menos o 60% de inserción. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE ¹⁰	PRIORIDADE ¹¹
EOES10 <u>Encofrador</u>	2 Alta
EOMQ10 <u>Operador de maquinaria de escavación</u>	3 Media/alta
EOES30 <u>Operario de formigóns</u>	3 Media/alta
EOTA80 <u>Encargado de obra civil</u>	3 Media/alta
EOTA70 <u>Encargado en obra de edificación</u>	3 Media/alta
EOTA02 <u>Cálculo estrut. planas e espaciais aceiro</u>	3 Media/alta
EOTA01 <u>Cálculo estrut. planas e espac. formigón</u>	3 Media/alta
EOTA32 <u>Práctico en topografía para obra urbana</u>	3 Media/alta
EOXX01 <u>Confec. moldes elementos escaiola e...</u>	3 Media/alta
EOAC60 <u>Colocador de lousa</u>	3 Media/alta



As comarcas **Ourense e Valdeorras** son as que arrojan mellores perspectivas por parte do mercado de traballo, seguidas pola Limia, O Carballiño e Allariz- Maceda.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

¹⁰ Especialidades como albanilería e cantería están moi presentes nesta provincia pola proliferación das escolas obradoiro e obradoiros de emprego, polo que non priorizamos a programación das especialidades das súas áreas profesionais a pesar dos seus resultados. Ver Anexo II no informe "Prioridades de programación da formación profesional ocupacional".

¹¹ Hai máis especialidades recomendables no informe "prioridades de programación".

FABRICACIÓN DE EQUIPOS ELECTROMECAÑICOS (FE)

A **inserción bruta acaba bos resultados** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
FEEE10 <u>Electricista industrial</u>	2 Alta
FEMI20 <u>Axustador- mecánico</u>	3 Media/alta
FEMI50 Torneiro fresador	4 Media/baixa



A pesar de contar con especialidades prioritarias ningunha comarca conta con boas perspectivas atendendo aos datos do mercado de traballo.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS (IA)

A **inserción bruta** acada valores discretos. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IAPC10 Elaborador de precociñados e cociñados	4 Media/baixa
IAAD60 Pescadeiro	4 Media/baixa
IAIC10 Matachín	4 Media/baixa
IAOC60 Encargado de industrias alimentarias	5 Baixa
IAIP10 Panadeiro	5 Baixa



A comarca de **Valdeorras** é a única que presenta resultados positivos no conxunto desta familia.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

INFORMACIÓN E MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS (IM)

A **inserción bruta presenta un valor baixo** o único ano (2001) no que aparece programada. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IMIS80 Operador de cámara	5 Baixa
IMAB10 Luminotécnico	5 Baixa



Ningunha comarca ofrece boas perspectivas dende o punto de vista do mercado de traballo (contratos- demandas).


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

INDUSTRIA PESADA E CONSTRUCIÓNS METÁLICAS (IP)

A **inserción bruta acaba moi bos resultados** no período analizado. Os saldos de contratos e demandas, sen embargo, **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IPCM40 <u>Montador de estruturas metálicas</u>	2 Alta
IPCM53 <u>Construtor- soldador estrut. metálicas...</u>	2 Alta
IPCM30 <u>Carpinteiro metálico e de pvc</u>	2 Alta
IPCM80 <u>Operador de recubrimentos superficies metálicas</u>	3 Media/alta
IPCM13 <u>Calorifugador</u>	3 Media/alta
IPCM71 <u>Soldador tubos alta presión con tig e eléctrodo para homologacións en 1g, 2g, 5g e 6g</u>	3 Media/alta
IPCM70 <u>Soldador de tubos e recipientes</u>	3 Media/alta
IPCM20 <u>Tubeiro industrial</u>	3 Media/alta
IPCM10 <u>Caldeireiro industrial</u>	4 Media/baixa



Aparecen salientadas **Valdeorras e Terra de Trives**.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.


INDUSTRIAS QUÍMICAS (IQ)

A inserción bruta acada **resultados moi dispares** nos anos 2001 (62,5%) e 2002 (37,5%), anos nos que aparece programada esta familia en Ourense. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
IQLQ10 <u>Auxiliar de laboratorio</u> (*)	2 Alta

(*) Está asociada ao código 97000075 **peón da industria química**.



As comarcas de **Ourense e Allariz- Maceda** son as que reflecten mellores resultados dende o punto de vista do mercado de traballo; as outras comarcas parten duns saldos positivos mínimos (Terra de Caldelas e O Ribeiro) ,ou ben, dun saldo negativo que non indica unhas boas perspectivas de emprego.

PERFIL TIPO: Alumno entre 25-29 anos, muller, con formación profesional.


INDUSTRIAS TÉXTILES (IT)

A inserción bruta acada **resultados moi irregulares** pasando dende unha mínima inserción no 2001 (8,3%) ata unha boa inserción no 2003 (61,5%), de calquera xeito, cómpre salientar que a inserción experimenta un crecemento continuado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
ITET50 Preparador de disolucións (*)	4 Media/baixa
ITCI30 Maquinista de confección industrial	5 Baixa

(*) Está asociada ao código 97000075 **peón da industria química.**



Allariz- Maceda é a única comarca que conta cun saldo neto suficiente para xustificar a programación dun curso da familia téxtil, segundo os datos do mercado de traballo (contratos, demandas).


PERFIL TIPO: Alumno maior de 44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

INDUSTRIAS DA MADEIRA E A CORTIZA (MD)

A inserción bruta presenta **valores pouco relevantes** ata o ano 2003 onde reflicte un 50% de inserción. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
MDTC30 Operador de fabricación de artigos da cortiza	5 Baixa
MDTC20 Tapoeiro	5 Baixa
MDFC40 Operador armado e montaxe carpintería e moble	5 Baixa



A única comarca que arroxa resultados positivos é **A Limia**.


PERFIL TIPO: Alumno maior de 44 anos, muller, con certificado de profesionalidade.

MINERÍA E PRIMEIRAS TRANSFORMACIÓNS (MN)

Non hai datos de inserción xa que **non se programou** en ningún dos tres anos analizados. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

As especialidades formativas que arrojan mellores resultados nesta provincia son as que seguen:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹²
MNTM30 Operador de planta de beneficio de rochas para ornamentación	
MNEM20 Mineiro preparación e conservación de galerías	
MNTM10 Operador planta extracción e tratamento do sal común	



A única comarca que presenta bos resultados é a de **Valdeorras**, destacando claramente no conxunto da provincia.


¹² Ao non haber datos de inserción non podemos seguir os criterios de priorización seguidos noutras familias.

MONTAXE E INSTALACIÓNS (MO)

Esta familia programouse en dous anos dos tres analizados, obtendo **o mellor resultado no ano 2002** (61,4%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
MOEE13 <u>Instalac. enerxías renovables edificios</u>	3 Media/alta
MOFC10 <u>Frigorista</u>	3 Media/alta
MOMI13 Instalac. ascensores e montacargas	4 Media/baixa
MOFC13 Frigorista instalacións refrixeración aire acondicionado	4 Media/baixa
MOEE01 Automatismo con control programable	5 Baixa
MOFC11 Frigorista instalac.refrixerac. comerciais	5 Baixa



Aparecen salientadas **Ourense, A Limia e Valdeorras** todas elas con saldos netos positivos. O resto da provincia recolle resultados negativos.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

MANTEMENTO E REPARACIÓN (MR)

Só se programou no 2003 recolléndose **excelentes resultados** (75% de inserción bruta). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
MREE10 <u>Electricista de mantemento</u>	3 Media/alta
MRMI20 <u>Electromecánico de mantemento</u>	3 Media/alta
MREE11 <u>Mantemento instalacións automatizadas controladas por autómatas programables</u>	3 Media/alta
MRMI24 <u>Mantedor de sistemas electrohidráulicos</u>	3 Media/alta
MRMI15 <u>Mecánico de mantemento pneumático</u>	3 Media/alta
MRMI14 <u>Mecánico de mantemento hidráulico</u>	3 Media/alta
MRMI13 <u>Montaxe posta a punto e lubrificación</u>	3 Media/alta
MRMI26 <u>Mantemento de máquinas rotativas</u>	3 Media/alta
MRFC11 <u>Mantedor reparación instalac.climatizac.</u>	3 Media/alta
MRMI10 Mecánico de mantemento	4 Media/baixa



Os bos resultados concéntranse en **Ourense e Valdeorras**.


PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS DIVERSAS (MT)

Non hai datos de inserción xa que **non se programou** en ningún dos tres anos analizados. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

As especialidades formativas que arrojan mellores resultados nesta provincia son as que seguen:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE ¹³
MTVD20 Operador de elaboración de artigos de vidro e transformados de vidro	



A única comarca salientable é a da **Limia**¹⁴, Ourense presenta un mínimo saldo neto positivo.

¹³ Ao non haber datos de inserción non podemos seguir os criterios de priorización seguidos noutras familias.


¹⁴ As comarcas que non aparecen nomeadas no mapa son as que non contan nin con contratos nin con demandas asociadas a esta familia.

PRODUCCIÓN, TRANSF. E DISTRIBUC. DE ENERXÍA E AUGA (PT)

A inserción bruta acada **valores discretos** aínda que no 2003 reflicte o mellor resultado cun 62,5%. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
PTDT40 Operario de liñas eléctricas alta tensión	3 Media/alta
PTTA20 Operador planta de tratamento de auga	3 Media/alta
PTER10 Instalador sistem. fotovoltaicos e eólicos	4 Media/baixa



A comarca de **Ourense**¹⁵ é a única que arroxa bos resultados dende o punto de vista do mercado de traballo.

PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, home, con ensinanza obrigatoria.

¹⁵ As comarcas ourensáns non nomeadas neste mapa son as que non contan con contratos e demandas asociadas a esta familia.

SANIDADE (SA)

A inserción bruta presenta **unha mellora ao longo dos tres anos** analizados aínda que non chega a superar un discreto 51,6%. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes consideracións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SABD10 Hixienista dental	5 Baixa
SADT10 Técnico en dietética e nutrición	5 Baixa
SAFR10 Auxiliar de farmacia	5 Baixa
SACA01 Atención especializada para enfermos de alzhéimer (*)	5 Baixa

(*) Está asociada á ocupación 51110033 **auxiliar de enfermería en xeriatria.**



Ningunha comarca presenta bos resultados, dende o punto de vista do mercado de traballo, en coherencia cunha familia que non conta con especialidades prioritarias na programación.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

SEGUROS E FINANZAS (SF)

A **inserción bruta acada valores discretos** ao longo do período analizado. Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SFFN60 Empregado xestión financeira empresas	5 Baixa
SFFN02 Financiamento de empresas	5 Baixa
SFSG20 Comercial de seguros	5 Baixa
SFFN10 Empregado administrativo de entidades financeiras	5 Baixa



Ningunha comarca presenta bos resultados, dende o punto de vista do mercado de traballo, en coherencia cunha familia que non conta con especialidades prioritarias na programación.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, cun nivel académico de bacharelato

SERVIZOS Á COMUNIDADE E PERSOAS (SP)

A **inserción bruta** acadou valores discretos ao longo do período analizado, reflectíndose o peor resultado no último ano (42,2%). Os saldos de contratos e demandas **non ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
SPRC40 <u>Monitor de aeróbic</u>	3 Media/alta
SPZZ90 <u>Axente dinamizador do medio rural</u>	3 Media/alta
SPPC30 <u>Vixilante nocturno- sereno</u>	3 Media/alta
SPPC10 <u>Axudante técnico prevención incendios no medio rural</u>	3 Media/alta
SPAR10 Operador estacións depuradoras de augas residuais	4 Media/baixa
SPBF50 Monitor actividades acuáticas para persoas discapacitadas (*)	4 Media/baixa
SPAS01 Coidador discapacitados físicos e psíquicos	4 Media/baixa
SPRC30 Operador de apostas	4 Media/baixa
SPZZ80 Curso básico na loita contra o lume	4 Media/baixa
SPRC20 Operario de centro de recreo	4 Media/baixa

(*) Esta especialidade está asociada aos códigos 35410160 **monitor deportivo** e 52910016 **bañista-socorrista**.



Atendendo aos resultados para o conxunto da familia ningunha comarca conta con boas perspectivas no mercado de traballo.


PERFIL TIPO: Alumno entre 30-44 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.

TRANSPORTES E COMUNICACIÓNS (TC)

A **inserción bruta acadou o seu mellor resultado no 2001 (72,7%)** para, con posterioridade a este ano, obter valores máis discretos. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo.**

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
TCTC30 <u>Condutor de camión pesado</u>	1 Máxima
TCTC32 <u>Condutor camiós remolque clase E</u>	2 Alta
TCTC31 <u>Condutor de vehículos clase C1-C</u>	2 Alta
TCTC40 <u>Condutor de autobús</u>	2 Alta
TCTM20 <u>Operador de estiba/ desestiba e desprazamento de cargas</u>	2 Alta
TCTC41 <u>Condutor de vehículos clase D</u>	2 Alta
TCXX10 <u>Conselleiro de seguridade</u>	2 Alta
TCTC21 <u>Condutor de vehículos clase B</u>	2 Alta



As comarcas que arrojan os mellores resultados son **Ourense, Valdeorras, Verín e O Carballiño.**

PERFIL TIPO: Alumno entre 25-29 anos, home, con ensinanza obrigatoria.


TURISMO E HOSTALERÍA (TH)

A **inserción bruta acadada valores discretos** ao longo do período analizado. Os saldos de contratos e demandas **ofrecen bos resultados dende a perspectiva do mercado de traballo**.

Combinando estes resultados da familia cos resultados parciais por especialidade poderíamos realizar as *seguintes recomendacións* indicando en cada caso o grao de prioridade reflectido na análise das variables de emprego e inserción:

ESPECIALIDADE	PRIORIDADE
THRS40 <u>Camareiro/a de restaurante- bar</u>	2 Alta
THRS60 <u>Sumiller (*)</u>	3 Media/alta
THXX01 <u>Portugués, bar- restaurante e pisos-lencería (*)</u>	3 Media/alta
THRS10 <u>Xefe de economato e adega</u>	3 Media/alta
THAV10 <u>Empregado/a axencia de viaxes</u>	4 Media/baixa
THFC10 <u>Azafata/auxiliar de congresos</u>	4 Media/baixa
THAV20 <u>Guía de ruta</u>	4 Media/baixa
THRS20 <u>Cociñeiro</u>	4 Media/baixa

(*) Estas especialidades están asociadas ao código 50200018 **camareiro en xeral**.



Aparecen salientadas **Ourense, Terra de Trives e Valdeorras**. As comarcas de Allariz- Maceda e O Ribeiro ofrecen resultados positivos pero moi alonxados dos anteriores.

PERFIL TIPO: Alumno entre 18-24 anos, muller, con ensinanza obrigatoria.